

Ámbolos dous concellos da comarca de Ferrolterra homenaxearán hoxe ós seus clubs e deportistas

Cedeira e Neda vístense de gala

O triatleta ferrolán Javier Gómez Noya e o futbolista Donato serán os convidados de luxo no acto cedeirés e nedés, respectivamente

Redacción / Ferrol

Hoxe, dous concellos da comarca de Ferrolterra coincidirán en homenaxear ós seus clubs e deportistas nas distintas modalidades polo traballo feito ó longo da pasada tempada. Un recoñecemento que se convirte nunha auténtica festa do deporte e que contarán, en ámbolos dous casos, con convidados de excepción.

Por orde da hora de celebración, será a decimotercera edición da Gala de Neda a primeira en comezar, estando previsto o inicio da mesma para as oito e media da tarde no salón de actos da Casa da Cultura. A actuación do mago nedés Dani servirá para abri-lo acto, que continuará con sendas exhibicións de capoeira, a cargo do grupo Ingá co profesor Xandinho, de ximnasia rítmica por parte do Acordes Narón, e de karate, da man do ximnasio Beni Gym.

Inmediatamente despois, e coa presenza do futbolista Donato, procederá á entrega dos distintos galardóns, clausurándose a celebración coas mencións especiais coas que o alcalde de Neda, Carlos Pita, agasallará a oito membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Cea

En Cedeira, a sétima edición da Festa do Deporte desenvolverase no marco dunha cea que dará comezo ás dez da noite no Restaurante Sálvora, e que contará coa presenza do actual campión do Mundo sub-23 de triatlón Javier Gómez Noya.

Tralos postres, os patrocinadores serán os primeiros en recibilos seus agasallos, visualizándose a continuación un vídeo ilustrativo do deporte da vila antes das mencións ós deportistas, introducida cada unha delas polo currículo dos premiados. Ata o último momento, non se revelará o nome do elixido mellor deportista do ano do concello de Cedeira.



Imaxe dos distintos premiados o pasado ano no transcurso da Festa do Deporte de Cedeira

Un campión do Mundo na festa da vila cedeiresa

A VII Festa do Deporte do Concello de Cedeira contará hoxe cun convidado de excepción, o actual campión do Mundo sub-23 de triatlón, Javier Gómez Noya, que precisamente hai unhas semanas recibía o premio como mellor deportista do 2003 na Gala do Concello de Ferrol. Xunto a el estarán o Director Xeral de Deportes, Leticia Lasa, así como Jacobo Suárez Vilela, deportista da vila e técnico na Dirección Xeral do Deporte, que recibirán un agasallo de recordo por parte do municipio cedeirés ó remate do celebración lúdico-deportiva. Non será ata o último momento cando se coñeza o nome do elixido mellor deportista cedeirés da pasada tempada entre os escollidos nas distintas modalidades.

VII Festa do Deporte de Cedeira			Obsequios ós patrocinadores	
Deporte	Nome e apelidos	Clube	Club	Patrocinador
Atletismo	Alberto Lafuente	Apader	Fútbol Cedeira SD	Ortegal Baño
Remo	Equipo Infantil	Remo Cedeira	Club Polideportivo Apader	Pescados Muiños
Fútbol	David Pérez	Fútbol Cedeira SD	Club de Remo Cedeira	Carpintería Pico e Villadóniga
Natación	Luis Suárez	Natación Cedeira		Ferretería Luciano
Hoquei	Victor Pérez	Club Hoquei Cedeira	Natación Cedeira	Hnos. García e Yáñez SA Armadores
Taekwondo	Bruno García	Bellas King Cedeira		



Ó igual cós anos anteriores, a Casa da Cultura de Neda reunirá hoxe a todos os deportistas galardoados

Alejandro González, Carmen Martínez e Miguel Pita, candidatos ó galardón do mellor deportista do ano

O integrante do Narón Balompé Pifeiros de Tercera División de fútbol, Alejandro González; a atleta do Ría Ferrol Carmen Martínez; e o escalador do Club Montaña Ferrol, Miguel Pita, son os tres candidatos a adxudicarse esta tarde o premio do Mellor Deportista do ano do Concello de Neda. Sen embargo, non será ata o último momento do acto, que terá lugar na Casa da Cultura do municipio nedés, cando se coñeza o nome do elixido polo xurado. Pero, ademais destas mencións e das correspondentes ós máis destacados en cada unha das especialidades deportivas, a Gala reconecerá o labor de distintas persoas así como o ascenso á liga galega de fútbol acadado o pasado ano polo cadro infantil de Neda.

XIII Gala do Deporte Concello de Neda

Deporte	Nome e apelidos
Baloncesto	Belen Agra Crespo Pablo Couce Pita
Balomin	Roberto González Bargas
Boccia	Carmen Rodríguez Freire
Ciclismo	Aulhal Soto Quintán
Chavo	Jesús Pita Ramos
Culturismo	Rebeca Rodríguez Jove
Fútbol	Arturo López López Alberto Navelas López Victor Pico García Alexandro Suárez Leira
Fútbol Sala	Mª Pilar Carballeira López Indalecio Yago Bouza
Judo	Isabel Padín Martínez Borja Rogo Meloso
Karate	Antonio Alonso Cabaletro
Natación	Tania López Saemartin
Surf	Iván Rodríguez Freire
Vela	Baltasar Castro Moariz
Voleibol	Daniel Castro López

Mencións especiais

Jesús Cabelro Cabelro
Jesús Gabriel Pereira Torrado
Enrique Pereira Sixto
Juan Rodríguez Romero
Equipo Infantil da SD Neda